



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Anuncio de convocatoria e bases para a formación dunha bolsa de emprego de técnico/a auxiliar de radio

ANUNCIO CONVOCATORIA E BASES PARA FORMACIÓN BOLSA EMPREGO TÉCNICO/A AUXILIAR DE RADIO

Por decreto do alcalde nº 479/2022 de data 15/06/2022, aprobouse a seguinte convocatoria e bases:

(O prazo de presentación de instancias será de cinco (5) días naturais, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.)

BASES DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN BOLSA EMPREGO TÉCNICO/A AUXILIAR DE RADIO

É obxecto da presente convocatoria a formación dunha bolsa de emprego mediante o sistema de concurso de méritos para cobertura con persoal laboral temporal da praza de auxiliar de radio con contratacións motivadas en circunstancias da produción no marco do artigo 15 TRLET, baixo a modalidade contractual de contrato por circunstancias da produción, polo sistema de concurso de méritos, de Técnico/a auxiliar de radio

2. Modalidade de contratación funcións e salario

A modalidade da contratación será a de contrato laboral de duración determinada, de carácter temporal en réxime de adicación a tempo completo ou parcial segundo se determine para proposta de contratación con motivación nas necesidades do servizo, cunha xornada de traballo non superior a 20 horas semanais 4 horas o día .

As funcións son :

- Control técnico durante a emisión da programación.
- Colaboración na preparación da programación .
- Colaboración na presentación dalgúns dos programas que se emitan.

As retribucións actualizadas a este anualidade 2022 son as previstas para o posto có código 8005 auxiliar de radio na RPT de Arzúa.

3. Publicidade.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de edictos do Concello de Arzúa, na sede electrónica, así como o anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Todos os anuncios sucesivos faranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

4. Requisitos das persoas aspirantes.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os requisitos xerais conforme ao artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e do previsto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo e non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou

para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias da titulación en ESO (ou equivalente)

f) Acreditación do coñecemento do idioma galego Nivel Celga 3

Todos os requisitos anteriores deberán reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

5. Presentación de solicitudes.

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. alcalde, segundo o modelo establecido no Anexo I das presentes bases, no Rexistro do Concello, ou sede electrónica municipal, así como nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de cinco (5) días naturais, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada, xunto cunha copia de toda a documentación que acheguen coa solicitude, á seguinte dirección de correo electrónico: correo@concellodearzua.com, no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias.

Á instancia unirase necesariamente a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación.

b) Titulación de ESO ou equivalente

c) Declaración xurada do Anexo III.

d) Documentación acreditativa dos méritos que se acheguen para a fase de concurso, segundo o establecido no base 9 das presentes

e) De ser o caso, para acreditar o coñecemento do galego, certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 3, ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na ORDEN de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG no 34, de 19 de febreiro de 2014.

Os/as aspirantes que non podan acreditar o coñecemento do galego da forma prevista no apartado anterior deberán de acreditalo mediante a realización dunha proba de galego que terá carácter obrigatorio e eliminatorio (sendo valorada como apto/a ou non apto/a) que terá lugar antes da valoración de méritos do concurso. A non aptitude impedirá seguir no proceso selectivo.

Dita proba consistirá: nunha entrevista oral en galego.

O tribunal poderá solicitar asistencia como asesoría con voz sen voto para a preparación, realización e valoración da proba de galego.

A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello de Arzúa cando considere que existe dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal. En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.

6. Admisión de persoas aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias o Sr. alcalde-presidente da Corporación ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas para cada posto, especificando o cumprimento

dos requisitos esixidos nas presentes bases, publicándose anuncio no taboleiro de edictos do Concello de Arzúa da sede electrónica do concello.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de (1) día hábil dende a publicación do anuncio no taboleiro para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.

Rematado o prazo de subsanación, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas/excluídas nas probas selectivas, publicándose o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios, así como o nomeamento das persoas que constituirán o Tribunal Cualificador, e a data de reunión do Tribunal para a valoración de méritos.

7. Tribunal cualificador.

Designarase un tribunal polo Alcalde na lista definitiva de admitidos/as.

Os membros dos tribunais serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación a aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Tódolos membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nas bases de execución en aplicación e interpretación do disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8. Sistema de selección.

A selección das persoas aspirantes a formar parte da bolsa de emprego efectuarase polo sistema de concurso.

Na resolución da Alcaldía aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos, así como a composición do Tribunal de selección, indicaranse as datas para constitución dos tribunais e valoración do méritos aportados para o concurso.

9.- FASE DE CONCURSO:

A puntuación máxima será de 50 puntos

A selección realizarase polo sistema de concurso, con suxeición aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

A puntuación mínima para formar parte da bolsa de emprego será de 5 puntos.

O Tribunal publicará o seu resultado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello

O Tribunal non valorará os méritos que non estean xustificados dentro do prazo de presentación de instancias.

O Tribunal valorará a experiencia profesional, a formación, cun máximo de 50 puntos, segundo o seguinte baremo:

a) Experiencia profesional e Prácticas Máximo 25 puntos.

a.1) Por servizos prestados para calquera administración pública como funcionario/a de carreira, interino/a ou contratado/a laboral fixo ou temporal, ou en empresa privada en postos de igual ou similar categoría e no que se desenvolvan tarefas ou funcións propias do posto que se convoca (servicios prestados en emisoras de radio):

1 punto por cada mes de servizo **ata o máximo de 20 puntos** (non se sumarán as fraccións meses considerados en 30 días)

Para a súa acreditación deberán presentar a seguinte documentación orixinal ou **copia cotexada**:

- Certificación de servizos prestados emitida pola administración correspondente ou contrato de traballo.
- Informe vida laboral.

Non se computan fraccións inferiores a 30 días.

a.2) Prácticas laborais ata 5 puntos

Polas prácticas realizadas en medios de comunicación 0,05 puntos por mês de prácticas ata un máximo de 5 puntos.

Se acreditarán mediante a presentación de certificado expedido polo medio no que se realizaron as prácticas correspondentes no que conste o periodo de duración das mesmas. Non se computan fraccións de tempo inferiores a 30 días.

b) Formación. Máximo 25 puntos.

Cursos ata un máximo de **25 puntos**.

Pola participación como asistente en cursos, seminarios, congresos, encontros, xornadas de formación e perfeccionamento impartidos por Institucións públicas, universidades e aquelas dentro de acordos de formación continúa das Administracións Públicas cuxo contido teña relación coas funcións a desenvolver no posto de traballo.

Horas Puntuación:

Ata 20 horas 0,30 puntos

De 21 a 40 horas 0,40 puntos

De 41 a 70 horas 0,60

De 71 a 100 horas 0,80 puntos

De 101 a 200 horas 1 punto

De máis de 200 horas 2 puntos.

Días (en caso de non sinalar horas) puntuación:

Entre 1 e 2 días 0,30 puntos

De 3 a 7 días 0,40 puntos

De 8 a 12 días 0,60

De 13 a 20 días horas 0,80 puntos

De 21 a 40 días 1 punto

De máis de 40 días 2 puntos.

Non se valorarán curso de formación que formen parte dun proceso selectivo.

Non se valorarán cursos de prevención de riscos laborais, por non gardar relación directa coas funcións do posto convocado.

As persoas aspirantes acreditarán estes méritos mediante diploma, certificado ou xustificante expedido ou homologado por organismos oficiais.

O Tribunal non admitirá como mérito neste apartado os certificados nos que non consten o número de horas ou días

Cualificación final, presentación de documentos e formalización de contrato. A cualificación final das persoas aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso. No caso de empate das puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1.º. A maior puntuación obtida en experiencia profesional a.
- 2.º. A maior puntuación obtida en formación b.
- 3.º. En caso de persistir o empate este resolverase pola maior puntuación obtida en formación b.

De persistir o empate será resolto por sorteo.

O Tribunal despois da cualificación publicará a lista de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para formar parte da bolsa de emprego (acadando 5 puntos), por orde de puntuación, elevando a mesma o alcalde presidente para a súa aprobación.

O Tribunal despois da cualificación publicará a lista de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para formar parte da bolsa de emprego, por orde de puntuación, elevando a mesma o alcalde presidente para a súa aprobación.

10.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO.

Cos aspirantes aprobados formarase unha bolsa de traballo segundo o orde de puntuación obtida de acordo coas seguintes normas:

11.1.–Os chamamentos aos aspirantes. Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente, ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta. Antes da sinatura do contrato o Concello poderá acordar que o traballador se someta a un recoñecemento médicopsicolóxico que evalúe a súa adecuación ao posto a desempeñar. No caso de que o traballador resulte non apto non perderá o seu lugar na bolsa de traballo e volverá a ser chamado cando se oferte un posto de distintas características do que foi considerado non apto.

11.2.–Suspensión dos chamamentos. 1. De oficio. A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento. 2. Por solicitude do/a interesado/a. Os integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada. A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses computados desde a data de efectos da suspensión.

11.3.–Mellora. No caso de que algún integrante da bolsa de traballo estivera contratado ou nomeado e fora a realizarse un novo chamamento para un posto que obxectivamente poda considerarse como de mais longa duración ou de maior xornada poderá solicitar ser contratado ou nomeado con preferencia aos seguintes na lista. O órgano competente o acordará sempre que non supoña menoscabo para o servizo.

11.4.–Situación na bolsa de traballo. 1. Os integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para o que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista. 2. Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento segundo o disposto nestas bases, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo. 3. Os integrantes da bolsa de traballo que renuncien á continuidade no desempeño dun posto de traballo perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

11.5.–Nomeamentos e cesamentos. Poderán conferirse nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais para o desempeño de postos de traballo que se encontren vacantes ou non vacantes. Neste último caso será causa suficiente a situación de ILT ou vacacións do seu titular. Previo ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención Municipal.

Chamado o aspirante correspondente para o seu nomeamento achegará no prazo de (3) días hábiles:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista de puntuación do Tribunal previo requerimento e presentación de documentación nos termos indicados no párrafo anterior.

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo presentando dita documentación, o Sr. Alcalde por Resolución procederá ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente e indicándolle data de sinatura do contrato. O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

11.6.–Extinción da bolsa de traballo. A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases extinguirase unha vez transcorridos tres anos a contar dende a data de publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica do concello da Resolución da alcaldía que a aprobe estando condicionada a súa utilización ao que resulte da aplicación das bases de execución do orzamento e na lexislación estatal en canto a contratación de persoal laboral temporal.

11. Réxime de incompatibilidades.

A persoa aspirante proposta, desde a súa contratación, quedará sometida ao réxime de incompatibilidades que establece a lexislación vixente nesta materia, segundo a regulación establecida na Lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

12. Carácter vinculante das bases.

As bases da presente convocatoria vinculan á administración, ao tribunal cualificador e ás persoas aspirantes que participen neste proceso selectivo.

13. Incidencias.

O tribunal cualificador do proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

14. Protección de datos de carácter persoal.

Respectarase o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal.

Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto.

Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados a efectos de dar a publicidade esixida no relativo ao procedemento de selección.

15. Réxime xurídico.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e forma establecidos na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá o desenvolvemento do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

16. Recursos.

Contra o acto de aprobación das presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Alcalde-presidente, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Si se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro que o/a interesado/a considera procedente.

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

Don/dona, con DNI número, e domicilio a efectos de notificación en, con número de teléfono e dirección de correo electrónico

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a formación dunha bolsa de traballo para considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria

SOLICITA: A súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a seguinte documentación, declarando coñecer as Bases que rexen a presente convocatoria, polo que se compromete ao seu cumprimento:

- Copia cotexada do DNI
- Copia cotexada da titulación esixida
- Documentos acreditativos,, para a fase de concurso acompañados dunha realción numerada dos méritos que alega .
- No seu caso, documento acreditativo, debidamente cotexado, de estar en posesión do Celga 3.
- Declaración xurada segundo modelo Anexo II

Arzúa, de de

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO II. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

Don/dona, con DNI número, e domicilio a efectos de notificación en, con número de teléfono e dirección de correo electrónico,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro.—Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria.

Segundo.—Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Terceiro.—Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de..... do Concello de Arzúa asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

Arzúa, de de

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA

SEGUNDO: Publicar a resumo anuncio convocatoria e aprobación bases deste decreto no Boletín Oficial da Provincia e o decreto íntegro no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

En Arzúa, 16 de xuño de 2022.

O Alcalde - Presidente,

Asdo.-JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ

2022/3709